

O uso do galego

Dende a miña participación en “EnRedando co galego” propúxenme empregar o galego en todos os ámbitos da miña vida persoal. Ó principio cría que me ía custar; posto que non estou moi acostumado a falar galego fóra da familia e das amizades, pero a verdade é que non. Agora, cando estou cos meus avós, que só falan en galego (a lingua materna deles), ensínolles a como escribir e incluso ler en galego; xa que antes só se ensinaba en castelán. Eles cóntanme que lles houbera gustado dar iso na escola, pero por mor das condicións daquela época non puideron.

O fragmento de abaixo pertence a uns versos de Celso Emilio. Para min, representan un exemplo claro da defensa da lingua galega e do seu uso.

Deitado fronte ao mar

*Eu fáloa porque sí, porque me gusta
e quero estar cos meus, coa xente miña,
perto dos homes bos que sofren longo
unha historia contada noutra língoa.*

Celso Emilio: Longa noite de pedra.